

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Secretaría

Modificación do réxime das dedicacións

ANUNCIO

Modificación do réxime das dedicacións

En sesión do Concello-Pleno celebrada o 30/8 /2020 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo que se transcribe na súa parte dispositiva:

“**Segundo.**–Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de acordo de modificación do réxime das dedicacións.

Os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local establecen que os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercizo do seu cargo, tanto en réxime de dedicación exclusiva, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, na contía sinalada polo propio Concello Pleno. Correspondelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en adiante ROF, que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade.

Polo demáis, o citado artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No exercizo da atribución conferida polo artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proponse polo tanto ó Concello Pleno o seguinte

ACORDO:

Primeiro.–Modificar a retribución bruta anual das dedicacións exclusivas, que quedarían tal como seguen:

1. Dedicación exclusiva 1: 45.000 €.
2. Dedicación exclusiva 2: 32.000 €.

Segundo.–Modificar o réxime de dedicación parcial, que pasaría a ter unha dedicación do 50% da xornada e unha retribución bruta anual de 16.000 €.

Tercero.–Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia do Concello e no taboleiro de edictos do Concello.”

O que se publica para xeral coñecemento e efectos.

Cerceda, 11 de agosto de 2020.

O alcalde-presidente

Juan Manuel Rodríguez García

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Secretaría

Ádaptación por cambio de Corporación de adicacións exclusivas e parcial

ANUNCIO

En sesión de Concello Pleno, celebrada o 28/5/2020, adoptouse o seguinte acordo que se transcribe:

Aprobación , se procede, da adaptación do réxime de retribucións de adicacións exclusivas e parcial.

Tendo en conta os cambios desta Corporación Municipal, compre a adaptación do réxime de retribucións exclusivas e parciais. Estas figuraban no anterior acordo de data 2/7/2019, con denominación das concellerías a ocupar, co cual non se adaptan a realidade neste momento. Polo que se cambia a nomenclatura facendo ésta, mais xenérica, sin variar o total do salario.

Vistos os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, que establece que os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercizo do seu cargo, tanto en réxime de dedicación exclusiva, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, na contía sinalada polo propio Concello Pleno. Correspondelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en diante ROF, que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade.

Tendo en conta o artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con adicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No exercizo da atribución que me cofire o artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proponse polo tanto ó Concello Pleno o seguinte

ACORDO:

Primeiro. Aprobar a relación de cargos que deberán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva, coa súa correspondente retribución bruta anual:

- Dedicación exclusiva 1 : 32.000 euros.
- Dedicación exclusiva 2: 32.000 euros.
- Adicación parcial (37,5 % xornada): 12.000 euros.

Segundo. Publicar íntegramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia do Concello e no Taboleiro de Edictos do Concello.

O que se publica para xeral coñecemento e efectos.

Cerceda, 1 de xuño de 2020.

O Alcalde-Presidente,

Juan Manuel Rodríguez García.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Secretaría

Réxime de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

En sesión de Concello Pleno, celebrada o 2/7/2019, adoptouse o seguinte acordo que se transcribe:

“Aprobación do réxime de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

Visto o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de aprobación do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de determinar a nova organización municipal.

Vistos os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, que establece que os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercizo do seu cargo, tanto en réxime de dedicación exclusiva, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Coproración, na contía sinalada polo propio Concello Pleno. Correspondelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en diante ROF, que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade.

Polo demáis, o citado artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con adicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No exercizo da atribución que me cofire o artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proponse polo tanto ó Concello Pleno o seguinte

Acordo

Primeiro. A relación de cargos que deberán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva, coa súa correspondente retribución bruta anual:

- Concellaría de Área de Cultura e Educación: 32.000 euros.
- Concellaría de Área de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadá: 32.000 euros.

Adicación exclusiva parcial (37,50%), con horario diario de 12 a 15 horas, coa súa correspondente retribución bruta anual:

- Concellería da Area de Vida Saudable, Promoción do Medio Rural, Parroquias e Comercio: 12.000 euros.

Segundo. Os membros da Corporación municipal que non teñan adicación exclusiva nin parcial percibirán pola asistencia a cada sesión ou reunión que celebren os órganos colexiados municipais as seguintes contías:

- Sesión plenaria: 150 euros.
- Comisión Informativa: 150 euros.
- Xunta de Goberno Local: 250 euros.
- Mesa de contratación: 150 euros

Non se poderá percibir máis dunha asistencia ao día, no caso de que coincidirán dous ou máis actos.

Terceiro. As indemnizacións rexiranse polo establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo, para o Grupo I.

Cuarto. Publicar íntegramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia do Concello e no Taboleiro de Edictos do Concello.”

Que se publica para o seu xeral coñecemento e efectos.

Cerceda, 3 de xullo de 2019.

O Alcalde-Presidente,

José García Liñares.

2019/5442